


# x encontros para a normalización lingüística

26 e 27 de outubro de 2006

Auditorio de Galicia



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA



CENTRO  
DE DOCUMENTACIÓN  
SOCIOLINGÜÍSTICA  
DE GALICIA



Os Encontros para a Normalización Lingüística constitúen o único foro regular, convocado anualmente, para o estudo, a reflexión e o debate sobre a planificación lingüística en Galicia e as cuestións relacionadas coa promoción do idioma galego. A presente convocatoria será a décima, todo un fito. Indicativo da consolidación e madurez dunha iniciativa que naceu e se vén alimentando das súestións, propostas e colaboracións de colectivos, profesionais e persoas comprometidas na normalización da lingua. Tamén se cumpren este 2006 os dez anos da creación do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia do Consello da Cultura Galega, promotor e organizador dos Encontros.

Nesta X edición introducíronos unha novidade importante no programa, cal é a consideración de cuestións relacionadas coa planificación lingüística no sistema educativo, en particular, un elemento ao que se lle ten atribuído un papel dinamizador de grande importancia: os equipos de normalización lingüística dos centros de ensino. Ao introducirmos este asunto, agudamos contar coa presenza de persoas implicadas nesta área de actividade, o que suporá diversificación do público asistente aos Encontros. O derivado non significa tanto que o centro de interese tradicionalmente máis importante dos Encontros (as administracións públicas) varie, como que ampliamos a perspectiva, co obxectivo de lograr unha maior sinxería dos esforzos realizados entre os distintos sectores, para o que coñecemos que se deben procurar e estimular distintas vías de coordinación.

Noutros aspectos, o programa destes X Encontros segue as liñas emprendidas anteriormente. Quereiros chamar a atención sobre tres puntos concretos: a importancia da reforma do Estatuto de Autonomía de Galicia e o novo estatuto legal que o galego pode adquirir neste marco; a importante e delicada cuestión dos perfís lingüísticos nos postos das administracións públicas; sobre a que encargamos un traballo específico a dous reputados expertos administrativos; e o problema emerxente da inmigración e o seu tratamento desde a perspectiva da integración sociocultural e a normalización lingüística. De resto, daremos continuidade á experiencia que estreimamos na convocatoria pasada, o espazo Proxecto, en que se presentan empresas, experiencias e materiais relacionados coa normalización lingüística, e que suscitou un grande interese. Tanto do público coma dos expoñentes.

Co esforzo e a participación de todos e todas, aprendendo da propia experiencia e do coñecemento de experiencias semellantes, mediante a reflexión, o diálogo e a colaboración, esperamos seguir contribuíndo a abrir o camiño da normalización do idioma galego, o que constitúe a grande empresa que nos inspira e nos anima.

**X ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**  
26 e 27 de outubro de 2006

**LUGAR**  
Auditorio de Galicia. Avda. Burgo das Nacións, s/n. Santiago de Compostela

**ORGANIZA**  
Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia

**COMITÉ ORGANIZADOR**  
Henrique Monteagudo Romero (presidente)  
Manuel Bermúdez Blanco, Concepción Cochón Rodríguez  
Goretti Sanmartín Rei, Antón Santamarina Fernández

**COORDINACIÓN**  
Susana Mayo Redondo

**COLABORAN**  
Coordinadora de Traballadores e Traballadoras de Normalización da Lingua  
Auditorio de Galicia  
Concellaría de Política Lingüística do Concello de Santiago

**APOIAN**  
A Nosa Terra Edicións  
Editorial Galaxia  
Ir Indo Edicións  
Sotelo Blanco Edicións  
Edicións Xerais de Galicia

**CONSELLO DA CULTURA GALEGA**

<b>XOVES 26</b>	
09:30	Entrega de documentación
10:00	Inauguración dos Encontros
<b>SESIÓN 1</b>	
10:30	Conferencia   <i>Anulación de modelos de ensino en dúas linguas: vantaxes, dificultades e resultados.</i> Iñaki Viza
11:30	Coloquio
<b>12:00</b>   <b>Pause-café</b>	
12:15	Proxecta   <i>Contidos dixitais</i>
12:45	Mesa de traballo   <i>O modelo lingüístico do sistema educativo galego.</i> Aagostín Franxkovez Paz e Berta Súa
13:45	Coloquio
<b>SESIÓN 2</b>	
14:30	Mesa de traballo   <i>Os ENL: valoración dos seus achados e presentación de iniciativas e recursos para a súa reorientación.</i> Mercedes Quixas, Mela Dizeuz, Xosé Luis Breyas Millán
17:30	Coloquio
<b>18:00</b>   <b>Pausa</b>	
18:15	Proxecta   <i>Reverso Servidor Lingüístico</i>
18:45	Conferencia   <i>Possibilidades de coordinación na actividade dos SNL e os ENL.</i> Goretti Sanmartín
19:45	Coloquio

<b>VENRES 27</b>	
<b>SESIÓN 3</b>	
10:00	Conferencia   <i>Os perfís lingüísticos nos postos de traballo da Administración local e autonómica.</i> Aina Nocera e Xabier Fernández
11:00	Coloquio
<b>11:30</b>   <b>Pause-café</b>	
11:45	Proxecta   <i>Argumenta</i>
12:15	Relatorio   <i>A problemática lingüística específica dos inmigrantes e dos retornados: modelos de políticas de integración.</i> Raúl Piketo
13:00	Coloquio
13:15	Relatorio   <i>O status dos CEWL.</i> Francisco Viza
14:00	Coloquio
14:15	Proxecta   <i>Imaxin software</i>
<b>SESIÓN 4</b>	
16:45	Presentación do Observatorio de Dereitos Lingüísticos. Elsa Quixas.
17:15	Coloquio
<b>17:30</b>   <b>Pausa</b>	
17:45	Mesa de debate   <i>A lingua galega no Estatuto de Autonomía de Galicia.</i> Francisco Enxela, Carlos Arribas e Xosé Palomeu
18:30	Coloquio
19:00	Clausura

**X ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

26 E 27 DE OUTUBRO DE 2006  
AUDITORIO DE GALICIA  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

**CONSELLO DA CULTURA GALEGA**

**CENTRO DE DOCUMENTACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DE GALICIA**

**x encontros para a normalización lingüística**  
26 e 27 de outubro de 2006

